

QUEDA CO
TALENTO.

“APOSTAR
POLAS
CAPACIDADES
DAS PERSOAS
CON
DISCAPACIDADE
É UN VALOR.”

Luis Penido
Xerente de Trameve

POLA INCLUSIÓN LABORAL DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE

QUE CHE APORTOU GALEGA DE ECONOMÍA SOCIAL Á HORA DE TRABALLAR?

Pertencer a Galega de Economía Social supón un apoio constante na xestión da empresa, asesoramento técnico en cuestións fiscais, laborais, contables, recursos humanos... A toma de decisións de carácter empresarial e estratéxico é compartida e consensuada en todo momento.

QUE VALOR TEN A CONTRATACIÓN DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE NA TÚA EMPRESA?

A contratatación de persoas con discapacidade forma parte da nosa misión empresarial. Para a normalización das persoas con discapacidade na sociedade é moi importante que poidan ter oportunidades laborais e poder desenvolver un proxecto de vida propio.

COMO INFLÚE ESTA CONTRATACIÓN NOS EQUIPOS DE TRABALLO?

É unha situación normalizada xa que a nosa empresa é dende a súa creación un Centro Especial de Emprego de Iniciativa Social. Máis do 90% das persoas que formamos parte de Trameve temos algún tipo de discapacidade.

QUE DESTACARÍAS DAS PERSOAS TRABALLADORAS QUE TEÑEN ALGÚN TIPO DE DISCAPACIDADE?

Se se acerta coa persoa candidata para cubrir un determinado posto, e se consegue un desempeño normalizado do traballo, gáñanse profesionais fieis, leais e implicados.

QUE LLES DIRÍAS AS PERSOAS ENCARGADAS DE CONTRATACIÓN NAS EMPRESAS PARA QUE SE ANIMEN A CONTRATAR PERSOAS CON DISCAPACIDE?

Que non descarten a ninguén polo simple feito de ter unha discapacidade. Que se centren en detectar as capacidades que ten a persoa candidata, en ver que sexa compatible co perfil do posto a desempeñar.

A TRAVÉS DE QUE CANLES BUSCA O TALENTO A EMPRESA QUE DIRIXES?

A través do departamento de Recursos Humanos de GES e do SIL, Servizo de Intermediación Laboral de COGAMI.